

Programación
Biblioteca Escolar

CPI AS MIRANDAS

ARES.

1.- FUNCIONES E OBXECTIVOS:

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilitará:

- Apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.
- Aprendizaxe autónoma.
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- Achegamento aos distintos soportes e formatos en que se transmite a información: alfabetización múltiple.
- Educación para a competencia informacional: para o uso, tratamento e produción da información.
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- Acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

As funcións do responsable da biblioteca escolar son:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.
- Colaborar ao deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo se é o caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).

- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar o responsable da biblioteca na súa organización e dinamización, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitárllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.
- Estimular o gusto pola lectura e o hábito lector.

Obxectivos

- Diseñar e desenvolver actividades de dinamización de biblioteca: animación á lectura, formación de usuarios, busca documental...
- Difundir a educación documental posibilitando o acceso a información en calquera soporte ou formato.
- Motivar e cultivar no alumnado a sensibilidade literaria, compensando as carencias persoais e sociais.
- Utilizar a biblioteca como un espazo integrador de actividades encamiñadas ao coñecemento de distintos centros de interese.
- Continuar coa formación e colaboración do equipo formado polos alumnos do 3º ciclo de E.P. e ESO.
- Formar a todo o alumnado nas estratexias de busca, elaboración e transmisión da información a partir de distintos tipos de soportes.
- Montar intercambios de experiencias con outras bibliotecas.
- Implicar a todo o profesorado e alumnado nas actividades da biblioteca.
- Estimular actividades relacionadas con profesionais literarios, ilustradores...
- Continuar coas actividades relacionadas co blogue: carabeladeares.blogspot.com que comezou como un espacio de formación, expresión e intercomunicación da biblioteca con todos os usuarios.
- Que sexa un verdadeiro centro de recursos.

2.-ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

O equipo de biblioteca estará formado por profesores de Infantil, Primaria e Secundaria. Seremos un grupo de cinco houbo dúas baixas pero incorporáronse dous membros máis. Cada unha de nós, encárgase dunha tarefa.

As liñas prioritarias a seguir serán as seguintes:

- Asesoramento dirixido ao profesorado novo, sobre as normas básicas da biblioteca, o seu uso e formación de usuarios.
- A principio de curso, procedemos a formar ao alumnado de 5º e 6º de E.P. e ESO que colaborará na biblioteca durante o seguinte curso. Serán estes colaboradores os que farán os préstamos, asesorarán aos compañeiros e buscarán material guiados polos membros do equipo.
- En secundaria establecerase un horario de uso da sala de lectura cun grupo de axudantes voluntarios entre o alumnado.
- Continuaremos coa organización dos fondos, segundo a CDU recomendada por B.E. e a través do programa MEIGA.
- Seguiremos promocionando a busca de documentación por parte do alumnado e polo profesorado.
- Fomentaremos a biblioteca como ferramenta fundamental para o traballo por proxectos.
- Mercar bibliografía relacionada cos diferentes proxectos que se desenvolvan no centro.

3.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

Durante sete cursos estivemos formándonos a través dos PFPP, este curso formamos parte do itinerario de robótica en primaria e Piteas. Temos previsto traballar na construción dos robots (escornabots e MBLOCK), impresión dixital e programación, na materia de libre

configuración que se impartirá este curso. Desta maneira intentaremos integrar aprendizaxes novos na práctica diaria do centro.

Outro proxecto do que formamos parte é o Erasmus+ que implicará unha serie de actividades e proxectos dos que formaremos parte para a internacionalización do centro.

Propoñeremos ao claustro, en colaboración con Dinamización Lingüística un proxecto de centro que este curso dedicaremos aos contos “ Ares de Conto “. A través desta proposta preténdese traballar dende as diferentes áreas esta temática e expoñelo ao final de curso na Feira do Centro.

Solicitaremos este curso o Club de Letras e propoñeremos un club de lectura para familias.

Queremos fomentar o traballo colaborativo e intentamos facilitar aos titores un espazo diferente da súa aula no que traballar dun xeito distinto. Temos que procurar concienciar aos titores que a biblioteca non é un espazo de xogo libre, senón un lugar máis de traballo no centro, que debe utilizarse con obxectivos curriculares concretos.

Continuaremos realizando a selección de fondos para os diferentes proxectos de aula e de centro a petición do profesorado e alumnado

4.- FORMACIÓN DE USUARIOS E A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.

A principio de curso, organízanse dende a biblioteca visitas guiadas de cada aula co seu titor para recordarlle ao alumnado e profesorado a organización, funcionamento e actividades da biblioteca, ese mesmo día levan as mochilas viaxeiras para a súa clase. É moi importante recordar todos os anos que a biblioteca está ao servizo do centro e ao profesorado novo darlles información mais precisa do noso funcionamento.

Actualizaremos a guía audiovisual, localizada na aula virtual e no blogue, e que inclúe recursos para buscar, organizar e tratar a información, así como para publicar e compartir (Google Drive, Audacity, Camtasia...)

Continuaremos coa formación do alumnado, contarán cunha pequena guía no noso blogue:

https://carabeladeares.blogspot.com.es/p/formacion-usuarios_9.html

5.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

Este curso, toca revisión do Proxecto Lector elaborado hai cinco cursos, co seu correspondente Marco Legal e un análise da situación da lectura e da escritura no centro, facendo a especificación do mesmo no Plan Lector Anual.

Detectamos hai tres cursos un forte descenso no préstamo individual que intentamos mellorar con actividades novas de fomento de lectura. Deron moi bo resultado e por ese motivo prestamos especial interese a este aspecto.

Partiremos dunha actividade dirixida ao profesorado titor para que colaboren na promoción de lecturas e películas, baixando á biblioteca cos seus grupos e mostrando os fondos e as súas posibilidades. Necesitamos que o profesorado se implique no uso da biblioteca como espazo de lectura (non unicamente como ludoteca).

Seguiremos cos contacontos tanto profesionais coma dos profesores e alumnos do centro (apadriñamentos lectores) establecendo un día fixo ao mes (por exemplo os últimos venres).

Así mesmo desenvolveremos as actividades de fomento de lectura especificadas no Plan Lector Anual.

Mercaremos coleccións, para cada curso, unha en castelán e outra en Galego que incluímos no Plan Lector, para fomento da lectura.

6.- BIBLIOTECA INCLUSIVA.

Intentaremos que o alumnado de NEE colabore tamén na biblioteca e que sexan asesorados ou axudados por algún compañeiro/a de forma permanente. Todas as nosas actividades terán que ser significativas e adaptadas a este alumnado (apoio en LS, pictogramas...), o que pretendemos conseguir coa colaboración e asesoramento do D.O.

Procuraremos activamente vixiar e manter a accesibilidade e practicabilidade do espazo.

Un grande reto para nós é conseguir un recuncho libre de estímulos que non tivemos oportunidade de adaptar.

Seguiremos ampliando os fondos con textos adaptados e en diferentes soportes e formatos facendo especial fincapé na adquisición de material multisensorial.

Abrimos un apartado dentro da biblioteca relacionado con bibliografía de NEE para profesorado, asesorados polo D.O. do centro.

7.- OUTRAS ACTUACIÓNS

Temporalización actividades

TRIMESTRE	MES	ACTIVIDADES PREVISTAS E PROPOSTAS
Primeiro	SET	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización fondos. ▪ Poñer ao día os listados de números de lectores. Carnés alumnado e profesorado novo. ▪ Formación colaboradores. ▪ Formación de usuarios (alumnos e profesores) ▪ Montar mochilas viaxeiras, “ Ares de Conto “
	OU	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7 Outubro: inicio dos préstamos ▪ Repartir mochilas viaxeiras ▪ 24 Outubro, Día da biblioteca: ▪ Samain/Magosto: Exposición libros de medo... ▪ Apadriñamentos lectores no patio.
	NOV	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores visitantes do programa KA-229 ▪ Escola de Xadrez ▪ Establecemento dun punto de lectura no Centro de Saúde de Ares.
	DEC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nadal ▪ Escola de xadrez ▪ Tríptico recomendacións lectoras

Segundo	XAN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Día da Paz ▪ Torneo de xadrez
	FEB	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Torneo de xadrez ▪ Día de Rosalía.
	MAR	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8 de Marzo, Día da muller, Fotobiografía dunha familiar.
Terceiro	ABR	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Concurso portada libros ▪ 23 de Abril, día do libro
	MAI	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Preguntón. ▪ 17 día das letras galegas (apadriñamento lector)
	XUÑ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 de xuño, IV Feira Ares de Conto ▪ Tríptico recomendacións lectoras.
		<p style="text-align: center;">Outras actividades a desenvolver ao longo do curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Contacontos. ▪ Visitas de autores. ▪ Animación a préstamos. ▪ Lecturas dramatizadas por parte do alumnado de ESO. ▪ Club de lectura de pais. ▪ Asesoría de lectura polo alumnado de ESO ▪ Exposición de novidades. ▪ Solicitud de maletas viaxeiras. ▪ Continuidade co blogue.

As actividades a realizar concretaranse de acordo ás necesidades detectadas nas respectivas programacións de área.

7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Avaliación inicial: Realizada a principio de curso, servirá como base para redactar o Proxecto do próximo curso. Farémola a través da análise do curso anterior.

Avaliación continua: Consistirá no seguimento e revisión periódica das actividades desenvolvidas, para poder reconducir as pautas de actuación e ir eliminando ou modificando aquelas actividades que non funcionen e á súa vez ir incluíndo novas propostas que vaian xurdindo, intentando axustar o presuposto ás posibilidades materiais e humanas coas que contamos, e tendo en conta a implicación e participación da comunidade educativa.

Avaliación final: Que faremos a final de curso e servirá como soporte para deseñar e construír o plan de actividades para o vindeiro curso académico, tendo en conta o grao de éxito ou fracaso das actividades desenvolvidas durante o presente curso en canto aos parámetros anteriormente citados.

8.- PERSOA RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

Dende que comezamos co proxecto da biblioteca temos a mesma coordinadora, que seguiremos mantendo. O horario de dedicación para o vindeiro curso é de catro ou cinco horas á semana por parte da coordinación e o resto de membros nas súas horas de garda . A biblioteca permanecerá aberta todos os recreos de primaria de 12:20-12:50 e nos recreos de ESO de

O equipo de biblioteca está formado por:

- Leticia Casal (mestra de P.T.)
- Paula Peinado (Titora de primaria)
- Marina Sánchez (Titora de primaria)

- Miguel Mosqueira (Profesor de lingua galega)
- Francisca Pérez (Especialista de Inglés)H
- M^a Concepción Cambeiro López (Coordinadora e mestra de A.L.)

Contamos tamén coa colaboración doutros membros do profesorado de E.I., E.P. e ESO.

Ares, 20de setembro de 2019

Vto. e Pr.

A DIRECTORA
Asdo: M^a Blanca Cortizas Gómez.

A RESPONSABLE
M^a Concepción Cambeiro López.